



1. A CRISE DO NOVO SÉCULO



A GUERRA DA INDEPENDENCIA (1808-1814)

En 1807, e grazas ao Tratado de Fontainebleau, asinado polo rei Carlos IV a instancias do seu primeiro ministro Godoy, o emperador francés Napoleón obtivo o consentimento para atravesar España e atacar Portugal, aliada dos ingleses.

Pero, en realidade, produciuse a invasión de España, o que provocou o estoupido do **motín de Aranzuez**. Os amotinados conseguiron a destitución do primeiro ministro Godoy e a abdicación de Carlos IV en favor do seu fillo Fernando VII.

En 1808, Napoleón reuniu en Baiona (Francia) a Carlos IV e ao seu fillo Fernando VII co pretexto de facer de intermediario nas disputas existentes entre ambos. Unha vez alí, obrigou a entregar o trono de España ao seu irmán **Xosé Bonaparte** (Xosé I).

Alertados polo traslado da familia real española a Francia e pola presenza do exército francés en solo español, o **2 de maio**, o pobo de Madrid alzouse de forma espontánea contra a presenza francesa. A revolta estendeuse por todo o país, e o pobo español levantouse contra o invasor nun movemento de resistencia popular.

Deste xeito, iniciouse a **guerra da Independencia**, que se prolongará ata 1814, cando o exército francés foi definitivamente derrotado polas tropas inglesas e españolas.



J. L. David, *Retrato de Napoleón*.

Consecuencias da guerra da Independencia

- **Perdas demográficas**, con máis dun millón de mortos (10 % da poboación).
- **Perdas económicas** e desolación; abandono de terras; destrución de camiños, pontes etc.
- O espolio e a **aniquilación** do patrimonio histórico-artístico.
- Consecuencias **morais e psicolóxicas**: crueldade, vinganzas etc.
- Consecuencias **políticas**: as Cortes de Cádiz e a Constitución de 1812, o enfrontamento entre opcións políticas distintas e o inicio da emancipación das colonias americanas.



1. Aplica a **Explicación causal** sobre o cadro *Os fusilamentos do 3 de maio*, pintado por Francisco de Goya en 1814. Por que se chega a esta situación? Que provoca esta escena?

